

ACTA NÚM. 17 - DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA 15 DE NOVEMBRO DE 2018.

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **16:20 horas** do día **15 de novembro de 2018**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión extraordinaria.

A S I S T E N:

Don Martiño Noriega Sánchez, **alcalde-presidente**.

Concelleiros/as:

Compostela Aberta (CA):

Dona María Rozas Pérez.
Don Jorge Carlos Duarte Vázquez.
Dona Branca Petra Novo Rey.
Don Xan Xesús Duro Fernández.
Dona Concepción Fernández Fernández.
Don Manuel Díos Diz.
Dona Marta Irene Lois González.
Dona Noa María Morales Sánchez.

Partido Popular (PP):

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas.
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela.
Dona María Ángeles Antón Vilasánchez.
Dona María José Corral López.
Don Manuel Martínez Varela.
Dona M^a Teresa Cancelo Márquez.
Don Claudio Ricardo Montiel Carracedo.
Toma posesión Don Pedro José Rey Sanchiz (punto 2º)

Partido Socialista de Galicia (PSdeG-PSOE):

Don Francisco Reyes Santiás.
Don Gonzalo Muíños Sánchez.
Dona María Milagros Castro Sánchez.

Bloque Nacionalista Galego (BNG):

Don Rubén Cela Díaz.
Dona María Goretti Sanmartín Rei.

Don Juan Ramón González Carnero, **interventor do Concello**.

José Ramón Alonso Fernández, **secretario xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela**.

Non asiste: Don Rafael Peña Vidal.

ORDE DO DÍA

1.-Toma de posesión do cargo de concelleiro de Don Antón Barba Pereira (PSdeG-PSOE).

2.-Toma de posesión do cargo de concelleiro de Don Pedro José Rey Sanchiz (Partido Popular).

3.-Aprobación da proposta dos grupos municipais do Concello de Santiago de Compostela ao Consello Asesor de Condecoracións para nomear o Estadio de San Lázaro como *Estadio Municipal Verónica Boquete de San Lázaro*.

1.-Toma de posesión do cargo de concelleiro de Don Antón Barba Pereira (PSdeG-PSOE).

Non se presenta

2.-Toma de posesión do cargo de concelleiro de Don Pedro José Rey Sanchiz (Partido Popular).

Persoado no salón de sesións Don Pedro José Rey Sanchiz, previa presentación da credencial de concelleiro expedido pola xunta electoral central, así como feita a declaración correspondente no rexistro de intereses do Concello de Santiago de Compostela, así como as causas de posibel incompatibilidade e actividades que proporcionen ou poidan proporcionar ingresos económicos por Don Pedro José Rey Sanchiz, que xura cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade ao Rey e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado, tomando posesión do cargo de concelleiro. Se lle impón a insignia e a medalla da corporación, polo alcalde, pasando neste momento a ocupar o seu escano no salón de plenos. Polo alcalde se lle da a benvida e desexándolle os mellores desexos.

3.-Aprobación da proposta dos grupos municipais do Concello de Santiago de Compostela ao Consello Asesor de Condecoracións para nomear o Estadio de San Lázaro como *Estadio Municipal Verónica Boquete de San Lázaro*.

O CONTIDO DA PROPOSTA É A SEGUINTE:

PROPOSTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA AO CONSELLO ASESOR DE CONDECORACIÓN PARA NOMEAR O ESTADIO MULTIUSOS DE SAN LÁZARO COMO *ESTADIO MUNICIPAL VERÓNICA BOQUETE DE SAN LÁZARO*.

ANTECEDENTES

O Deporte é unha actividade que ten a facultade de axudar a desenvolver as destrezas físicas, facer exercicio, socializar, divertirse, aprender a xogar formando parte dun equipo e mellorar a autoestima, entre outras vantaxes. No caso das crianzas, unha práctica deportiva continuada mellora o seu estado físico, xa que desenvolve as súas capacidades motoras e a súa saúde e socialización. Estes beneficios, son extensibles a outras franxas de idade.

Nos últimos tempos a práctica deportiva tivo un incremento considerable, en parte polos cambios de rutinas que se están producindo cara a hábitos máis saudables e tamén por unha exposición do deporte como consumo e espectáculo de masas, sobre todo o deporte profesional e de alta competición. Neste senso a existencia de deportistas profesionais con impacto nos medios exerce de modelo a seguir para as crianzas e fomentan o deporte base.

A nosa cidade conta cun gran número de instalacións, boa parte delas vinculadas coa práctica do fútbol. Poden destacarse dous espazos emblemáticos para esta disciplina como son o campo de Santa Isabel e o Estadio Municipal de San Lázaro, que neste 2018 cumpriu 25 anos. Este estadio municipal, que alberga tamén espazos para outras prácticas deportivas na actualidade, acolleu as competicións de máximo nivel do fútbol da cidade dende a súa inauguración no 1993.

En Santiago de Compostela, tamén temos a honra de contar con importantes figuras deportivas. Sen dúbida, unha das máis destacadas é a futbolista Verónica Boquete (nada no noso municipio, en 1987), capitana da selección española de fútbol e cunha importante traxectoria deportiva a nivel internacional. Ela foi a primeira futbolista española que xogou como internacional na Liga de Campións en 2014, a primeira en gañar a máxima competición continental e tamén foi a primeira que xogou na Liga China. Entre os campionatos disputados destacan a Copa da Raíña, W-League,

Damallsvenskan, Eurocopa sub-19, Liga de Campións, Copa de Algarve e dos Mundiais. Ademais, dende 2015, Verónica Boquete é embaixadora da UEFA para o desenvolvemento do fútbol feminino, labor que leva a cabo tamén na súa cidade natal, Santiago de Compostela, a través do Campus que leva o seu nome. Recentemente, foi homenaxeada na delegación da Federación Galega de Fútbol, onde se dedicou unha das aulas de formación á súa figura deportiva.

Polo tanto, trátase da mellor xogadora de fútbol en activo da nosa cidade, que exerce de exemplo de deportividade e motivación para as crianzas. A súa figura é unha referencia moi relevante para o fútbol de base de Compostela, e especialmente para o fútbol feminino, un deporte que leva tempo loitando para ter o mesmo recoñecemento e visibilidade que o masculino. Neste senso, as traxectorias profesionais de deportistas como Verónica Boquete son as que están consolidando o auxe do fútbol feminino. Isto, xunto coa súa paixón polo fútbol e os valores que transmite, repercuten moi positivamente na actitude das nenas cara a este deporte tan masculinizado, desafía os roles tradicionais de xénero e favorece claramente a igualdade de xénero.

Unha das mellores maneiras de recoñecer a impresionante traxectoria profesional desta futbolista compostelá, así como a súa influencia positiva na sociedade e a súa gran implicación na nosa cidade co fútbol base masculino e sobre todo feminino, sería que o *Estadio Municipal de San Lázaro* levase o seu nome, pasando a chamarse *Estadio Municipal Verónica Boquete* de San Lázaro.

Por todo isto, os Grupos Municipais do Concello de Santiago de Compostela:

ACORDAN:

Propoñer ao Consello Asesor de Condecoracións cambiar o nome do Estadio Municipal de San Lázaro por Estadio Municipal Verónica Boquete de San Lázaro.

Xa que logo, apróbase por unanimidade dos presentes o seguinte ACORDO:

Cambiar o nome do Estadio Municipal de San Lázaro por Estadio Municipal Verónica Boquete de San Lázaro.

E non sendo outro o obxecto da reunión o Sr. Alcalde-Presidente deuna por finalizada sendo as 16:23 horas do día da data, do que, como secretario, dou fe e certifico.

O alcalde-presidente,

O secretario xeral do pleno,

Asdo: Martiño Noriega Sánchez

Asdo: José Ramón Alonso Fernández